

### **XIII MOSTRA DE ARTESANIA, LIBRO E PINTURA DE CULLEREDO**

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo quere, pola presente, dar a coñecer o importante Programa de Actos que se celebrará en Culleredo o vindeiro domingo 17 de maio **“DÍA DAS LETRAS GALEGAS”**:

Organizada conxuntamente pola Comunidade Escolar do Colexio Público Isaac Díaz Pardo (Colexio-Apa-Alumnos) e a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, por décimo terceiro ano consecutivo de 10 da mañá a 20 horas celebrarase na Praza Europa de O Burgo a **XIII FEIRA DE ARTESANÍA, LIBRO GALEGO E PINTURA**.

A Mostra trata de dar a coñecer aos veciños/as de Culleredo as últimas novidades de Artesanía, Libro Galego e agora as diferentes tendencias pictóricas a un prezo moi razoable.

Nunha carpa con mais de 20 artesáns de toda Galicia exporán os seus traballos en cantería, coiro, telar, xoiería, madeira, cerámica, vidro, xabóns, roupa, esmalte, bonecas, pirograbado, encaixe, pizarra, patchwork, cestería.

Noutra carpa serán libeiros e varias editoriais as que amosarán as súas novidades do mundo do libro galego, estando previsto que asinen os seus libros varios autores coñecidos, das nosas letras.

Este ano contará coa novidade dunha nova carpa, dedicada á exhibición e venta de pintura, coa participación duns 15 pintores/as dos mais recoñecidos da Comarca Coruñesa, unha iniciativa novidosa que incrementará o interese e a importancia da Feira.

A feira ten a apertura ás 10:00 horas, estando prevista a súa inauguración oficial polo alcalde de Culleredo, Julio Sacristán, o Concelleiro de Cultura, Celestino Poza e a Dtora. do Colexio Isaac Díaz Pardo, Hermosinda González, ás 13:00 horas.

Antes, ás 12:15 h., actuará a Banda de Música de Negreira .

Os nenos/as do Colexio Díaz Pardo, participarán con demostración de xogos tradicionais.

Durante toda a mañá os nenos terán a súa disposición varios obradoiros infantís de cestería, abaloiros, vidro, globoflexia e encadernación.

Xa pola tarde na mesma praza Europa, ás 17.30 horas actuará o Grupo de Gaitas “*Cata-Almibre*” de O Burgo xuntamente coas alumnas e alumnos das Escolas Culturais Municipais de Folclore Galego.

Durante a Feira, a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, repartirá a tradicional Unidade Didáctica elaborada pola Concellería e realizada polo técnico de cultura da mesma Pablo Bouza. A devandita unidade foi creada hai 26 anos polo daquela Concelleiro de Cultura Ramón Valcarce e continuada dende hai 20 anos polo Concelleiro actual Celestino Poza. Da devandita unidade editanse 4.000 exemplares repartidos en colexios i entidades de Culleredo.

Culleredo, 11 de maio de 2009.  
O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.